

## AXUDA Á INVESTIGACIÓN DA USC

### PUNTUACIÓN DAS PRINCIPAIS ACTIVIDADES CIENTÍFICAS

(Á puntuación das actividades asinadas por varios autores aplicaráselle un factor corrector dependendo do número destes, garantindo, en todo caso, unha **puntuación do 50%** do valor da actividade)

#### 1. TESES DE DOUTORAMENTO

**Dirixidas/codirixidas** por profesores do departamento ou instituto de investigación da USC.

- Cum laude: ..... **8** puntos
- Outras cualificacións: ..... **6** puntos

#### 2. PUBLICACIÓNS NON PERIÓDICAS

- 2.1. LIBROS:** publicacións de máis de 50 páxinas, do contrario deberán remitirse o punto 2.3 publicacións curtas. O ámbito do libro virá dado polos dous primeiros díxitos do ISBN (84 nacional); no caso de carecer de ISBN o libro será considerado como nacional debendo ter cuberto, necesariamente, o campo do depósito legal.

##### INTERNACIONAIS

- Autor: ..... **12** puntos
- Editor/Coordinador (Científico): ..... **4** puntos

##### NACIONAIS

- Autor: ..... **8** puntos
- Editor/Coordinador (Científico): ..... **3** puntos

Non se valorarán as publicacións de: teses, memorias de licenciatura, proxectos fin de carreira, reedicións de libros non revisados ou ampliados, manuais de calquera tipo, libros de texto ou docentes, publicacións relacionadas con exposicións, cursos ou xornadas de formación, así como a función de editor de libros de congresos.

- 2.2. CAPÍTULOS DE LIBROS:** o ámbito do libro virá dado polos dous primeiros díxitos do ISBN (84 nacional); no caso de carecer de ISBN o libro será considerado como nacional debendo ter cuberto, necesariamente, o campo do depósito legal.

##### INTERNACIONAIS

- Autor: ..... **5** puntos

##### NACIONAIS

- Autor: ..... **3** puntos

Non se valorarán neste apartado as contribucións derivadas de calquera tipo de evento, para estes casos deberán remitirse ó punto 2.5. publicacións derivadas de congresos.

**Para un departamento/instituto a puntuación total dun libro dividido en capítulos non poderá ser superior ó valor do libro completo.**

**2.3. PUBLICACIÓNS CURTAS:** ..... **1** punto  
Publicacións unitarias non periódicas que teñan ISBN e/ou depósito legal e o seu número de páxinas sexa igual ou menor de 50 e maior de 4.

**2.4. TRADUCCIÓNS E TRANSCRICIÓNS:** ..... **3** puntos  
Sempre que estas sexan acompañadas dun estudio introductorio, xuízo crítico ou anotacións derivadas dunha investigación persoal.

**2.5. PUBLICACIÓNS DERIVADAS DE CONGRESOS:** Valoraranse as publicacións en papel impreso ou en formato electrónico derivadas tanto de congresos presenciais como electrónicos. **Exclúense publicacións relacionadas con cursos ou xornadas formativas.**

**2.5.1. TEXTOS COMPLETOS**

- **Ámbito A** (congresos con comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países) ..... **4** puntos
- **Ámbito B** (congresos con comité organizador e comité científico) ..... **2** puntos
- **Ámbito C** (congresos con comité organizador) ..... **1** punto

**2.5.2. RESUMOS/ABSTRACTS:** o número de puntos acadado neste apartado **non poderá ser superior ó 50%** do que se obteña pola suma do acadado por libros, capítulos e artigos.

- **Ámbito A** (congresos con comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países) ..... **1** punto
- **Ámbito B** (congresos con comité organizador e comité científico) ..... **0,5** puntos
- **Ámbito C** (congresos con comité organizador) ..... **0,25** puntos

**3. PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS:** revistas e publicacións seriadas publicadas tanto en papel impreso como en formato electrónico.

**3.1. Artigo en publicación tipo A<sup>Plus</sup>** ..... **8** puntos  
(Son as incluídas na 1ª metade do índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do *Journal Citation Reports* do ano 2001)

**3.2. Artigo en publicación tipo A** ..... **6** puntos  
(Son as incluídas na 2ª metade do índice de impacto, segundo a súa categoría [materia/área], do *Journal Citation Reports* do ano 2001 e as recollidas no listado publicado polo Vicerrectorado de Investigación)

**3.3. Artigo en publicación tipo B** ..... **4** puntos  
(Segundo o listado deste Vicerrectorado)

**3.4. Artigo en publicación tipo C** ..... **1** puntos  
(Segundo o listado deste Vicerrectorado)

**3.5. OUTRAS CONTRIBUCIÓNS:** ..... **0,25** puntos  
Neste apartado **inclúense**: case reports, casos clínicos, notas clínicas, recensións, comentarios a sentencias ou a traballos doutros autores. E ademais inclúense neste apartado as voces de dicionario.

#### **4. ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS**

Se considerará departamento/instituto organizador aquel ó que pertenza o **presidente/secretario** do comité organizador.

- **Ámbito A** (congresos con comité organizador e comité científico con membros de alomenos 3 países)..... **4** puntos
- **Ámbito B** (congresos con comité organizador e comité científico) ..... **2** puntos
- **Ámbito C** (congresos con comité organizador) ..... **1** punto

#### **5. PATENTES**

##### **5.1. PATENTES REXISTRADAS:**

- **VÍA INTERNACIONAL:** ..... **3** puntos
- **VÍA NACIONAL:** ..... **1** puntos

##### **5.2. MODELOS DE UTILIDADE REXISTRADOS:..... 0,25** puntos